

ME MO RIA 2017

Cámara Oficial
Mineira de Galicia



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

ME MO RIA 2017

Cámara Oficial
Mineira de Galicia

FOTOGRAFÍA DE PORTADA:

Explotación de Granito Ornamental. David
Fernández Grande. O Porriño (Pontevedra).

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Co apoio da Dirección Xeral de Enerxía
e Minas da Consellería de Economía,
Emprego e Industria.

Xunta de Galicia.

FOTOGRAFÍAS:

COMG, empresas membro, Garacopter (pax. 18,
19, 20), arquivo de Wikimedia Commons e Xunta
de Galicia.

DESEÑO E COORDINACIÓN: Bannister Global

DEP. LEGAL: C 1375-2016

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda

15004 A Coruña

Teléfono: 981 139 663

cmg@camaraminera.org

www.camaraminera.org



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

ÍNDICE

1. CARTA DO PRESIDENTE	4
2. UN SECTOR ESTRATÉGICO	8
3. A CÁMARA	18
4. O EXERCICIO 2017	24
Representación	26
Defensa e asistencia técnica	34
Formación	56
Divulgación	58
Servizos e xestión	62



Explotación de Áridos. Prebetong Áridos. Melide (A Coruña)



Explotación de Áridos. Prebetong Áridos. Xove (Lugo)



Explotación de Áridos. Prebetong Áridos. Melide (A Coruña)

A wide-angle photograph of a quarry site. In the upper left, a red truck is parked on a platform. Two yellow excavators are visible; one is positioned on a higher level of the rock face, and the other is on a lower level. The rock face is composed of large, layered blocks of stone. The foreground shows a large, dark, and jagged rock formation. The overall scene depicts a large-scale industrial operation.

01

Carta do PRESIDENTE

Carta do PRESIDENTE



D. JUAN DE DIOS MARTÍN APARICIO
Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia

A MINARÍA, SÍMBOLO DA IDENTIDADE GALEGA

Desde a Cámara Oficial Mineira de Galicia observamos con profunda preocupación como se están a difundir informacións parciais e ambiguas sobre os posibles efectos ambientais negativos do desenvolvemento das actividades extractivas, impropios das actuais prácticas mineiras en Galicia e Europa. Co obxectivo de xerar alarma social, xorden mobilizacións contra explotacións integradas na súa contorna e cunha longa actividade.

Mesmo chegan a provocar o enfrontamento entre a poboación de localidades mineiras, coñecedora da actividade de tradición familiar en moitos casos, e a poboación foránea, afastada dunha actividade da que por absoluto descoñecemento desconfía.

Din defender os intereses da nosa terra, cando é contra ela contra a que atentan:

contra os recursos que nos vén ofrecendo á humanidade desde as nosas orixes e que, especialmente en Galicia, son un símbolo de identidade.

Ninguén pode negar que, desde tempos inmemoriais, a minaría está vinculada a Galicia e ao seu desenvolvemento socio económico. Co aproveitamento do estaño na Idade de Bronce, do ouro polos romanos, e, ata finais do século pasado, de volframio, ferro e chumbo, entre outros, a minaría marcou o devir de diversos concellos. E a pedra, traballada polos nosos canteiros, esculpiu o noso patrimonio histórico e cultural, pero tamén os nosos fogares, infraestruturas e vías de comunicación. Non se entende a paisaxe galega sen o granito, os áridos, a lousa ou a tella. Materiais que nos dá a terra e cos que fomos quen de xerar unha industria moderna que lidera o mercado mundial.

Tamén o aproveitamento das augas minerais e termais configurou a nosa cultura e idiosincrasia ata xerar unha industria líder en España. E o mesmo podemos dicir da produción galega de minerais industriais, como o cuarzo ou o caolín.

Pero, ademais de ser símbolo de identidade e de modernidade, a nosa minaría é tamén símbolo de compatibilidade ambiental, como demostran as rehabilitacións recoñecidas internacionalmente. E de integración social e territorial,

contribuíndo de xeito determinante á fixación de poboación no rural.

O sector extractivo, formado por pequenas e medianas empresas galegas, xerou no 2014 preto de 5.000 empregos, achegou o 1,05% do PIB de Galicia e abasteceu a sociedade galega de case 10 millóns de toneladas de materiais de construción e 1,5 millóns de materias primas para a industria e o sector agropecuario.

Cuestionar o aproveitamento dos recursos mineiros é cuestionar os alicerces da nosa civilización e poñer en risco o progreso e benestar social, que precisa deses materiais tanto como de calquera outro recurso natural. Como recurso público que é, debemos maximizar o beneficio social do seu aproveitamento, co uso das mellores técnicas dispoñibles baixo a supervisión da Administración. Esa é a vía para garantir a compatibilidade ambiental e a integración territorial das nosas explotacións.

(Publicado na Voz de Galicia do 12 de outubro de 2017)




02

Un sector ESTRATÉGICO



Un sector ESTRATÉGICO




Establecemento de Beneficio de Lousa. Europizarras. A Fosangrada (Lugo)

A MINARÍA

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público que forman parte da riqueza nacional, constituíndose nas materias primas da maior parte da industria, a xeración de enerxía e a construción.

A investigación e aproveitamento dos recursos xeolóxicos está, na maioría dos casos, declarada de utilidade pública polo seu carácter estratéxico e o seu impacto na economía e o emprego. A execución destas actividades está encomendada á iniciativa privada, a través de concesións ou autorizacións, baixo a estrita supervisión e control da Administración.

FASE DE INVESTIGACIÓN



A primeira fase dun proxecto mineiro sempre é a recompilación de información e ampliación do coñecemento xeolóxico da zona a investigar, ao obxecto de identificar e avaliar o recurso xeolóxico. Ademais de analizar a viabilidade técnica e económica do seu aproveitamento.

FASE DE APROVEITAMENTO



O concepto de aproveitamento engloba o conxunto de actividades destinadas á explotación, preparación, concentración ou beneficio dun recurso mineral. O aproveitamento dun recurso natural público distingue á minaría doutras actividades económicas.

FASE DE RESTAURACIÓN




Denomínase restauración á rehabilitación do espazo natural afectado tanto polas actividades extractivas como polas instalacións asociadas a estas, incluídos os residuos mineiros, executándose ao finalizar a actividade mineira ou, sempre que sexa posible, a medida que vai avanzando.

A restauración das zonas mineiras debe aspirar a dar ao terreo un valor de uso igual ou superior ao que tiña antes de iniciarse a actividade mineira. Nalgúns casos pode renovarse o uso anterior, e outras veces dáse á terra un novo uso.

Os titulares das concesións ou autorizacións de explotación de recursos mineiros teñen a obriga de asegurar a execución da restauración do espazo natural afectado mediante o establecemento, ante a Administración, de garantías financeiras antes de comezar os labores de aproveitamento.



Explotación de Áridos. Áridos do Mendo. Salvaterra do Miño (Pontevedra)



Explotación de Lignito. Limeisa. Cerceda (A Coruña)

APROVEITAMENTO DOS PRODUTOS MINEIROS GALEGOS

Na actualidade, os recursos minerais son imprescindibles para numerosas actividades como a construción, as industrias automobilística, aeronáutica, aeroespacial e naval, a electrónica e a informática, a elaboración de vidro e de cerámica, a alimentación, a farmacia ou a agricultura, por poñer uns exemplos. Os minerais e os seus derivados están presentes na nosa vida cotiá de forma directa ou indirecta. De aí a importancia do sector mineiro, que vai máis aló dos meros intereses económicos, pois afecta notablemente a outras esferas, como as sociais.



PRINCIPAIS DATOS DA MINARÍA GALEGA

A importancia da industria mineira, ademais da súa relevancia económica, reforzase por ser provedora de materias primas para numerosos sectores empresariais básicos para a economía.

De feito, segundo a Comisión Europea “o 70% da industria da UE depende da extracción de recursos naturais para xerar crecemento e emprego”, o que se traduce en 30 millóns de empregos e 1,3 billóns de euros de valor engadido bruto ao ano.


Só a extracción e transformación de roca ornamental supuxo o 1,29% en 2015 de valor engadido bruto xerado en Galicia en 2014. Se engadimos o resto de sectores mineiros o valor engadido bruto xerado polo conxunto do sector en Galicia superaría o 2%, duplicando a achega de sector naval (0,96%) e nun rango similar ás achegas de sectores como a industria auxiliar (1,98%) Madeira (2,34%), saúde (2,43%) e turismo (2,67%).

SABÍAS QUE?

Galicia representa o 8,4% da produción mineira de España e aporta o 1,09% ao PIB galego


EMPREGO

Total: 4.629 empregos directos



Nº DE EXPLOTACIÓNS

Total: 287 explotacións activas



Datos del 2015

AUGAS

Galicia é líder no mercado nacional, co **17%** da oferta e o **28,73%** da cota de mercado.

LOUSA

Galicia produciu **463.154** toneladas de lousa ornamental, o **54,45%** da produción e o **71,82%** das exportacións españolas. O **30%** da produción mundial de lousa de cuberta.

ÁRIDOS

en Galicia producíronse **9.599.953** toneladas.

ARXILA

Galicia produciu **315.800** toneladas.

GRANITO

Galicia lidera a produción de granito bruto en España, o **68,15%** da produción e o **86,83%** das exportacións.

A industria galega do granito é a segunda de Europa e a cuarta do mundo.

CUARZO

o **68%** da produción española procede de Galicia, e supón o **98,5%** das exportacións.

CAOLÍN

Galicia produciu **17.169** toneladas de caolín lavado.

OS ALICERCES DE GALICIA, NA MINARÍA

A MINARÍA FORMA PARTE DA IDENTIDADE GALEGA: GALICIA É PEDRA E AUGA.



Carga de Dunita en Porto. Pasek Minerales. Cariño (A Coruña)

Desde os primeiros aproveitamentos de minerais metálicos, como o estaño, antes da romanización, aos materiais de construción como a cerámica, os áridos e as rocas ornamentais, cos que levantamos as nosas vivendas e démoslle forma ao noso patrimonio histórico cultural, pasando polos minerais industriais, como o cuarzo, sobre os que se asintan as novas tecnoloxías, e o aproveitamento terapéutico das augas minerais e termais. A minería está ligada á nosa idiosincrasia como pobo e a noso desenvolvemento socio económico.

O AMPLO PATRIMONIO DEMOSTRA A SÚA VINCULACIÓN HISTÓRICA

O patrimonio mineiro confórmano os restos materiais e inmateriais que posúen valor histórico, tecnolóxico, arquitectónico, social ou

científico que hoxe forman parte do noso patrimonio cultural. A longa historia da minería en Galicia deixou numerosos vestixios. A través do proxecto europeo Atlanterra-Green Mines para a posta en valor do patrimonio mineiro da franxa atlántica europea, o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España seleccionou 98 sitios mineiros en Galicia polo seu potencial valor patrimonial. Entre eles inclúense 68 minas, 12 portos ou zonas de carga, 4 fornos de cal, 4 ferrerías, unha fábrica de ferro e cerámica e 9 museos ou similares.

ACTIVIDADE XERADORA DE EMPREGO DE CALIDADE NO MEDIO RURAL

Un dos retos da Unión Europea, e obxectivo estratéxico da Xunta de Galicia, é evitar o despoboamento de grandes áreas rurais derivada

da procura dos seus habitantes dunha mellor calidade de vida. Os asentamentos no medio rural están vinculados ao aproveitamento dos recursos naturais, tanto agrícolas e gandeiros como forestais, mineiros ou enerxéticos. O desenvolvemento destas actividades propias do rural, ao longo dos anos, definiron a súa paisaxe e biodiversidade. E tamén configuraron a nosa identidade e o noso patrimonio cultural, histórico e artístico. Hoxe, como entón, a xestión e o aproveitamento sustentables dos recursos mineiros son pezas clave de desenvolvemento e fonte de emprego cualificado e de calidade no medio rural.

COMPATIBILIDADE AMBIENTAL

Contrariamente ao resto de actividades económicas en solo rústico, as explotacións mineiras están suxeitas ao control e supervisión da autoridade mineira, tanto na execución das activida-

O EMPRESARIADO, FORMADO POR PEMES GALEGAS, O SEU COMPROMISO PRESENTE E FUTURO

88,40% dos dereitos mineiros de explotación están concedidos a pemes

97,04% dos titulares de dereitos mineiros son pemes

95,16% dos titulares destes dereitos teñen a súa sede social en Galicia.

des extractivas como na prevención de riscos laborais e no seguimento do impacto e rehabilitación ambiental do espazo afectado. Unha vez finalizado o seu uso produtivo, os titulares das concesións ou autorizacións de explotación están obrigados a rehabilitar o espazo afectado.

Por tanto, a minería cumpre o labor social e económico de abastecer á poboación das materias primas necesarias para o seu desenvolvemento e as infraestruturas que xera poden contribuír a cubrir outras demandas sociais como son a protección do medio ambiente, a xeración de infraestruturas verdes, solos produtivos ou mellora da xestión dos residuos ou dos recursos hídricos. E corresponde á Administración velar porque estas actividades desenvólvanse de maneira compatible co medio ambiente, integrada co territorio, responsable coa sociedade que as acolle e segura laboralmente.

03 A CÁMARA



Explotación de Lignito. Limeisa. Cerceda (A Coruña)

Os recursos xeolóxicos son bens de dominio público e a minaría, como conxunto de actividades destinadas á súa investigación e aproveitamento, está declarada, na maioría dos casos, de interese ou utilidade pública.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é unha corporación de dereito público e un órgano consultivo dos poderes públicos, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe ou estado físico, desde o coñecemento destes recursos naturais ata a súa posta en valor.

Representa o conxunto da minaría na nosa Comunidade, no que se inclúen os subsectores das augas minerais envasadas, os áridos, os balnearios, a cerámica, os produtos enerxéticos, os minerais metálicos, o granito ornamental, a lousa e as rochas industriais.

Xuntando, baixo a mesma entidade, o interese público e os intereses particulares a prol dun mellor aproveitamento dos nosos recursos xeolóxicos, co obxectivo de maximizar o beneficio para o conxunto da sociedade.

Ademais de coa Administración mineira galega, a Cámara desenvolve as súas actividades en colaboración con moi diversos axentes: universidades (principalmente do sistema universitario de Galicia), colexios profesionais, asociacións sectoriais e outras empresas da comunidade mineira.

MISIÓN

Fomentar o desenvolvemento da minaría.

MINARÍA SUSTENTABLE

Na actualidade o fomento da minaría non só depende do coñecemento dos recursos xeolóxicos nin dos avances tecnolóxicos nas técnicas de investigación dos xacementos ou na súa posta en valor. O desenvolvemento das actividades mineiras pasa cada día máis pola súa compatibilidade e integración con outros ámbitos, como o ambiental, territorial, urbanístico e social. Nesta liña, a nosa misión amplíase necesariamente a estes eidos e aos axentes que actúan neles.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) está comprometida cunha minaría eficiente e sustentable capaz de garantir a subministración dos produtos para satisfacer a súa demanda, a partir de:

- O aproveitamento racional, ordenado e eficiente do recurso. Fomentando a excelencia operativa e a aplicación das mellores técnicas dispoñibles e incrementando a seguridade xurídica.
- O respecto polo medio. Compatibilizando o aproveitamento de recursos minerais coa protección ambiental e outros intereses ou usos do solo.
- A integración territorial e urbanística, tanto das actividades extractivas como do posterior uso das infraestruturas xeradas.
- A responsabilidade social, principalmente no ámbito local e rexional. Mellorando a implicación do sector no desenvolvemento social, así como o seu coñecemento e imaxe social.
- A seguridade laboral. Minguando a sinistralidade laboral e a incidencia das enfermidades profesionais.

VISIÓN

Estamos comprometidos cunha minaría eficiente e sustentable: compatible co medio ambiente, integrada no territorio no que se atopa, responsable coa sociedade que a acolle, segura para as persoas que nela traballan e rendible economicamente.

FUNCIÓNS PÚBLICAS

- Agrupar e representar os intereses mineiros
- Asesorar os poderes públicos
- Propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría
- Subministrar informes ás autoridades e particulares que o soliciten
- Formar estatísticas mineiras
- Fomentar o ensino da minaría
- Facilitar a investigación de recursos e o desenvolvemento das actividades mineiras
- Xestionar e manter o Catastro Mineiro de Galicia (CMG)
- Atender a seguridade e salubridade das minas
- Crear bolsas de emprego mineiro
- Mediar e dirimir nos conflitos
- Exercer encomendas da Administración



SABÍAS QUE?

O desenvolvemento sustentable é “o desenvolvemento que satisfai as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”. Comisión Mundial do Medio Ambiente e do Desenvolvemento.

ÓRGANOS DE GOBERNO



Explotación de Granito Ornamental. David Fernández Grande. O Porriño (Pontevedra)

ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da Cámara. Formada polas persoas físicas ou xurídicas, que realicen actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

COMITÉS DE TRABAJO

Normativas
Información
Comisión do Patrimonio e Historia

EQUIPO DE XESTIÓN DA COMG

DIRECTOR XERENTE

D. Diego López González.

ADMINISTRACIÓN

D.ª Atocha Ramos Martínez.

XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da Cámara. Formada por membros escollidos polo electorado da Cámara, clasificados en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Composta actualmente por:

PRESIDENTE

GENERAL DE HORMIGONES S.A.,
D. Juan de Dios Martín Aparicio.

VICEPRESIDENTE PRIMEIRO

DAVID FERNÁNDEZ GRANDE S.L.,
D. David Fernández Sanromán

VICEPRESIDENTE SEGUNDO

PASEK MINERALES S.A.,
D. Fernando Pla de la Rosa.

TESOUREIRO E CONTADOR

ASOCIACIÓN GALEGA DA PROPIEDADE
BALNEARIA
D. Benigno Amor Barreiro.

SECRETARIO XERAL

D. Diego López González.

XUNTANZAS DO ANO

O 30/03/2017 celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria da COMG na que se presentou a memoria de actividades 2016 e se aprobou a xestión da Xunta Directiva, as contas de 2015, e o orzamento de 2016. Ademais de aprobar a incorporación ao padroado e consello directivo da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.

A Cámara celebrou durante 2017 seis reunións ordinarias da Xunta Directiva, nas que se adoptaron 55 acordos:

26 DE XANEIRO

Na que se referendaron as actuacións desenvolvidas no ano anterior, e se aprobou a elaboración de un proposta para a implantación en Galicia do grado medio de formación profesional de técnico en escavacións e sondaxes, así como a celebración de xornadas informativas.

9 DE MARZO

Nesta xuntanza aprobaronse alegacións do sector ao anteproxecto de lei de patrimonio natural e ás directrices da paisaxe de Galicia. Así como a colaboración con entidades representativas de distintos sectores económicos en defensa de intereses comúns.

25 DE MAIO

A vista do continuo desprestixio do sector por parte de determinados axentes con intereses contrarios, decidiuse acometer unha batería de actuacións destinada a mellorar a imaxe social e coñecemento do sector, incluída a colaboración con entidades de investigación, como o IGME. Ademais de aprobarse a sinatura dun convenio marco de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia, e o apoio e participación na candidatura das Montañas do Courel a Xeoparque Mundial da UNESCO.

6 DE XULLO

Na que se aprobaron as propostas do sector mineiro ao borrador de lei de implantación empre-

sarial, e os comentarios ao proxecto de decreto polo que se crea o observatorio autonómico dos ríos de Galicia.

7 DE SETEMBRO

Nesta xuntanza, aprobáronse as alegacións ao observatorio autonómico de educación ambiental, ao Consello Asesor da Paisaxe e ao proxecto de orde de normas de aplicación do ICAM; así como as propostas ao proxecto de real decreto de protección da atmosfera, e ao proxecto de decreto de competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Tamén se aprobou a creación do Comité de Patrimonio Mineiro e Industrial, a sinatura do convenio con Norprevención para o asesoramento e asistencia técnica en materia de seguridade mineira.

2 DE NOVEMBRO

Na que se aprobaron as alegacións ao borrador do Plan Básico Autonómico, a proposta des emendas ao proxecto de lei de fomento da implantación empresarial e as propostas para regularización urbanística municipal de actividades mineiras. Ao tempo de acordar a remisión dunha carta en defensa do sector á FEGAMP, á Valedora do Pobo e a alcaldes de concellos mineiros dado a continuada difusión de informacións negativas do sector non acordes a súa realidade.

04 o exercicio 2017

O exercicio 2017



O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
D. Francisco Conde cos representantes do sector.


1 REPRESENTACIÓN

A Cámara, representante formal e portavoz do sector empresarial mineiro en Galicia, ten como obxectivo trasladar as necesidades e demandas do sector e outorgarlle a visibilidade que require, ao tempo de tender pontes de colaboración interinstitucional para mellorar o desenvolvemento da nosa actividade tanto en beneficio do sector como do conxunto da sociedade galega.

Como parte da súa función de representación, a Cámara mantén un contacto constante e estreito coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Ademais, mantén reunións con responsables institucionais tanto de ámbito autonómico como estatal e asiste a numerosos foros, xornadas e eventos.

REUNIÓN

Durante 2017 mantivemos 114 xuntanzas con distintos responsables institucionais.



Explotación de Áridos. Votorantim. Xove (Lugo)

CARTA EN DEFENSA DO SECTOR

A Cámara Oficial Mineira de Galicia remitiu cartas a diversas institucións galegas nas que, como órgano consultivo, ofrece o seu asesoramento para contribuír a un mellor coñecemento da actividade extractiva realizada no territorio galego. A misiva foille enviada á Valedora do Pobo, aos distintos grupos parlamentarios e aos presidentes da Federación Galega de Municipios e Provincias e das catro deputacións, así como aos alcaldes de diversos concellos con proxectos mineiros ao redor dos cales xurdiu preocupación social.

No texto, a Cámara Oficial Mineira de Galicia afirma observar “con profunda preocupación como desde algúns axentes sociais están a lanzarse

informacións parciais e ambiguas sobre os posibles efectos ambientais negativos do desenvolvemento das actividades extractivas, impropios das actuais prácticas mineiras en Galicia e Europa”. Para a Cámara, estas accións teñen como obxectivo “xerar alarma social e mobilizar a poboación contra a reapertura ou ampliación de explotacións mineiras perfectamente integradas na súa contorna, que levan décadas ou mesmo séculos de actividade”.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia sinala a minería galega como “exemplo de integración social, ambiental e territorial, que contribúe de maneira determinante á fixación de poboación na contorna rural”.

07/03/2017

REUNIÓN ASOCIACIÓN
FORESTAL DE GALICIA

08/03/2017

PRESENTACIÓN DO
LIBRO "DE PIEDRA".
Instituto Geológico y
Minero de España (IGME).

10/03/2017

XVII FORO
TECNOLÓXICO DE
EMPREGO.
Delegación de alumnos
Escuela de Enxeñeiros de
Minas e Enerxía. UVigo

07/04/2017

INAUGURACIÓN
BALNEARIO CALDAS
DE PARTOVIA
Balneario de Caldas de
Partovia

27/04/2017

EXPOSICIÓN BALNEARIA
BIBLIOGRÁFICA
Asociación Galega de la
Propiedad Balnearia

16/05/2017

REUNIÓN OFICINA
GALICIA IGME
D. Miguel Llorente

18/05/2017

FUNDACIÓN
GALICIA-EUROPA
Jesús M^a Gamallo Aller

19/05/2017

ASEMBLEA ANUAL.
Asociación Galega de
Áridos (ARIGAL)

24/05/2017

XORNADA NOVO
REGLAMENTO DE
EXPLOSIVOS
Asociación Provincial de
Graniteiros de Ourense
(APGO)

O Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces.

ESTRATEGIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA 2050.

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o seu director, D. Diego López, formaron parte da mesa sobre industria e enerxía, na xornada de presentación da "Estrategia Galega de Cambio Climático e Transición Enerxética 2050". Esta xornada foi desenvolvida pola Consellería de Medio Ambiente no mes de xuño en Santiago, e inaugurada polo presidente da Xunta, D. Alberto Núñez Feijóo.

A xornada constou doutras cinco mesas de traballo sectoriais: mobilidade e transporte; sector agrario, forestal e gandeiro; medio mariño e pesca; territorio e servizo; e medio natural e biodiversidade. Tratouse así de obter unha visión concreta e especializada sobre o grao de afectación do cambio nos diferentes campos e as posibles medidas e oportunidades para reducir a súa pegada. As conclusións, segundo avanzou Medio Ambiente, integráronse na Estrategia como punto de partida para a identificación das principais liñas de actuación.

A mesa sobre industria e enerxía foi a de maior participación e nela abordáronse os incrementos das renovables e do uso da enerxía no transporte, ademais de analizarse que industria queremos.

ESTRATEGIA DE INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia foi convidada a participar na Xornada de creación do grupo de traballo para a Estrategia de Infraestrutura Verde de Galicia, organizada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o pasado 18 de xullo en Compostela. O encontro, que se centrou na presentación das liñas básicas da estratexia, na identificación dos axentes sociais interesados en participar na súa elaboración e na creación dun grupo de traballo con representación dos diferentes departamentos da Xunta.

Segundo sinalou a Consellería, a iniciativa responde ás directrices da "Estrategia Estatal de Infraestructura Verde y de la Conectividad y Restau-



ración Ecolóxicas", recollida na Lei 33/2015 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e enmárcase tamén na iniciativa da Comisión Europea de desenvolver unha estratexia para unha Infraestructura Verde Europea.



XORNADA SOBRE A PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS RELACIONADOS COA EXPOSICIÓN AO PO DE SÍLICE CRISTALINA

No mes de outubro a Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) organizou unha xornada sobre a prevención dos riscos laborais relacionados coa exposición ao po de sílice cristalina nela presentouse a Guía titulada "O Po de Sílice Cristalina", dirixida a axudar as empresas do seu sector e aos seus traballadores a aplicación efectiva dunha política de prevención avanzada que minimice a exposición ao Po dos seus traballadores e con iso os riscos aos que puideran estar expostos.

06/06/2017

REUNIÓN
REPRESENTANTES
SECTORES AGRÍCOLA,
EÓLICO E FORESTAL

21/06/2017

PRESENTACIÓN DA
UNIDADE DIDÁCTICA DE
XEOLOXÍA DE GALICIA.
D. Francisco Canosa,
Cuarzos Industriais,
RAMSA

23/06/2017

XORNADA ESTRATEXIA
GALEGA DE CAMBIO
CLIMÁTICO E TRANSICIÓN
ENERXÉTICA 2050.
Xunta de Galicia

07/07/2017

ACTO DE CLAUSURA DO
CURSO ACADÉMICO E 25
ANIVERSARIO.
Escola de Enxeñeiros de
Minas e Enerxía. UVigo

11/07/2017

ENTREGA DE PREMIOS
RSE GALICIA.
Consellería de Economía,
Emprego e Industria

18/07/2017

XORNADA DE CREACIÓN
DO GRUPO DE TRABALLO
PARA A ESTRATEXIA DE
INFRAESTRUTURA VERDE
DE GALICIA.
Consellería de Medio
Ambiente e Ordenación do
Territorio. (CMAOT)

20/07/2017

INAUGURACIÓN DA
EXPOSICIÓN TEMPORAL
RISCOS XEOLÓXICOS
Museo de Historia Natural.
USC

26/09/2017

REUNIÓN DIRECCIÓN
IGME.
D. Francisco González
Lodeiro



XORNADA SOBRE O NOVO REGULAMENTO EXPLOSIVOS

Organizada pola Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense.



EXPOSICIÓN “BALNEARIA BIBLIOGRÁFICA” NA CIDADE DA CULTURA

Os conselleiros de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez, e de Sanidade, D. Jesús Vázquez Almuiña, inauguraron o 26 de abril a mostra “Balnearia Bibliográfica”, un percorrido polas augas minerais de Galicia, que se puido visitar na Cidade da Cultura ata o 31 de xullo.



INAUGURACIÓN DO BALNEARIO DE PARTOVIA

O presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo acudiron á inauguración do balneario histórico de Caldas de Partovia, situado no Carballiño, acto ao que tamén asistiron o presidente da Cámara, o seu director, e outras autoridades.

02/10/2017

CARTA EN DEFENSA
DO SECTOR.
A Valedora do Pobo,
FEGAMP

24/10/2017

XORNADA TÉCNICA.
NOVIDADES DO PÓ DE
SÍLICE CRISTALINA.
Asociación Galega de
Áridos (ARIGAL)

26/10/2017

GALA DOS PREMIOS
GALEGOS DO ANO.
Grupo Correo Gallego

30/10/2017

ACTO CONMEMORATIVO
DO 50 ANIVERSARIO.
Cerámica Vereá

03/11/2017

ÁREA DE COOPERACIÓN
E ASISTENCIA AOS
CONCELLOS E MEDIO
AMBIENTE. DEPUTACIÓN
DE LUGO.
D. Argelio Fernández
Queipo

15/11/2017

AXENCIA GALEGA DE
EMERXENCIAS. XERENCIA

UNIDADE DIDACTICA XEOLÓXIA DE GALICIA

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC organizou o 21 de xuño a presentación da “Unidade Didáctica Xeoloxía de Galicia”, de Francisco Canosa Martínez, doutor en Xeoloxía, a que tamén asistiu o director do proxecto, Roberto Almuíña.



Este material de carácter divulgativo ten por obxectivo dar a coñecer un pouco mellor a xeoloxía de Galicia, unha zona moi rica e cun gran patrimonio xeolóxico, pretende achegar aos estudantes de secundaria de bacharelato á xeoloxía do lugar onde viven mediante figuras, gráficos ou mapas que axudarán en gran medida a afianzar o seu coñecemento neste campo das ciencias naturais.



50 ANIVERSARIO DE CERÁMICA VEREA

Cerámica Vereá, empresa membro da Cámara Oficial Mineira de Galicia, celebrou o pasado outubro o seu 50 aniversario cunha visita institucional do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Francisco Conde, á fábrica situada en Mesía. O alcalde do concello que acolle as instalacións, D. Mariano Iglesias, estivo tamén presente no acto conmemorativo.



ESCOLA DE ENXEÑERÍA DE MINAS E ENERXÍA



Do 8 ao 10 de marzo celebrouse na Universidade de Vigo o XVII Foro Tecnolóxico de Emprego coa participación a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O foro é unha iniciativa das delegacións de alumnos das Escolas de Enxeñeiros de Telecomunicación, Industriais e Minas da Universidade de Vigo, cuxo obxectivo é facilitar o achegamento laboral das empresas aos futuros titulados do ámbito tecnolóxico.

A Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo celebrou o pasado xullo o acto de gradación

da 4ª promoción dos seus dous títulos de grao, e da 2ª dos mestrados de Enxeñería de Minas e de Geoinformática. Durante o evento conmemorouse o 25 aniversario da titulación de Enxeñería de Minas.

Recoñeceuse o labor de 21 entidades, incluídas asociacións e colexios profesionais, que levan anos cooperando de maneira habitual co centro, tanto no ámbito docente como no investigador, entre as que se atopa a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

A COMG forma parte de:



A COMG colabora con:



2 DEFENSA E ASESORAMENTO

CONSULTAS


Unha das funcións públicas da Cámara é atender as consultas puntuais que sobre temas relacionados co sector mineiro, formulan tanto os nosos socios como a Administración, empresas, entidades ou particulares.

NO ANO 2017 ATENDÉRONSE UN TOTAL DE 171 CONSULTAS.

ADEMAIS, EMITÍRONSE UN TOTAL DE 62 DOCUMENTOS, TANTO INTERNOS COMO DESTINADOS A DISTINTAS ENTIDADES, PREVIA SOLICITUDE OU POR INICIATIVA PROPIA.


CONSULTAS SOLICITANTE

Total: 171




CONSULTAS TEMA

Total: 171




POR DOCUMENTO

Total: 62



POR DESTINATARIO

Total: 66



De esquerda a dereita, Daniel Calleja Crespo, Director Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, Nicola Notaro, Xefe de Área de Rede Natura 2000 da Comisión Europea, e Daniel Torrejón Braojos, Subdirector Xeral de Minas do MINETAD.

2.1. COMPATIBILIDADE AMBIENTAL

A minaría, como toda actividade humana, produce inevitablemente alteracións no medio. Nos últimos anos, a sensibilidade crecente da sociedade polo desenvolvemento sustentable, impulsa ao sector empresarial e á administración a potenciar os seus esforzos para minimizar o impacto da actividade mineira na contorna natural.

Dende a Cámara Oficial Mineira de Galicia apostamos pola colaboración fluída coa Administración, colexios profesionais, asociacións sectoriais, empresas e institucións que permita avanzar na sustentabilidade ambiental.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é un dos axentes máis activamente implicados nos procesos de participación abertos sobre Medio Ambiente, dándolle voz ao sector extractivo galego. Nesta liña, asistiu o pasado ano aos foros para a elaboración da estratexia de sustentabilidade ambiental así como ao **Foro Internacional: "Contribución da Industria Extractiva á**

Rede Natura 2000- Unha Oportunidade para a Biodiversidade" celebrado o 9 de febreiro, organizado por COMINROC, onde a industria extractiva reivindicou o seu papel dinamizador da biodiversidade en espazos protexidos.

Tanto Daniel Calleja Crespo, Director Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, como Nicola Notaro, Xefe de Área de Rede Natura 2000 da Comisión Europea destacaron que *"Para a Comisión Europea, a explotación de recursos naturais, como son as materias primas minerais, si que é posible nas áreas de rede Natura 2000, cun proceso de avaliación adecuada. Consideramos que a industria extractiva, correctamente xestionada, lonxe de ser unha ameaza, é unha oportunidade para a biodiversidade. De feito, a Comisión Europea conta cunha Guía sobre Industria extractiva non enerxética e rede Natura 2000 onde se detalla o procedemento aplicable para a autorización de novas explotacións mineiras nas devanditas áreas."*

09/02/2017

FORO INTERNACIONAL
CONTRIBUCIÓN
DE LA INDUSTRIA
EXTRACTIVA A LA RED
NATURA 2000.
Confederación de
Industrias Extractivas
de Rocas y Minerales
Industriales.
(COMINROC)

24/02/2017

REUNIÓN COMITÉ DE
NORMATIVAS.
Cámara Oficial Mineira
de Galicia.

13/03/2017

ALEGACIONES AO
ANTEPROXECTO DE
LEI DE PATRIMONIO
NATURAL.
Á Dirección Xeral de
Patrimonio Natural.

28/04/2017

DIRECCIÓN XERAL DE
PATRIMONIO NATURAL.
D^a. Ana María Díaz.

05/07/2017

ALEGACIONES DO
SECTOR MINEIRO
AO PROXECTO DE
DECRETO POLO
QUE SE CREA O
OBSERVATORIO
AUTONÓMICO DOS
RÍOS DE GALICIA.
Á Consellería de Medio
Ambiente e Ordenación
do Territorio.

21/07/2017

SUBDIRECCIÓN
GENERAL DE
EVALUACIÓN
AMBIENTAL.
D. Carlos Calzadilla
Bouzón.



Explotación de Áridos. A Limia (Ourense)

LEI DE PATRIMONIO NATURAL

A Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou as súas alegacións ao anteproxecto de Lei do Patrimonio Natural promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, cunha firme aposta pola compatibilidade entre a minaría e a protección ambiental.

Para a entidade, o carácter temporal da actividade, a obriga de restauración e o seu sometemento á avaliación de impacto ambiental garanten a convivencia dos intereses mineiros cos ambientais.

Nesta liña, insiste en que non se introduzan na nova norma prohibicións xenéricas á actividade extractiva e na necesidade de que se analice cada caso para resolver posibles conflitos entre distintos usos do solo.

Segundo os datos da entidade, a comezos de marzo figuraban rexistrados en territorio galego 69 permisos de exploración e investigación outorgados, e 147 autorizacións e concesións de explotación, outorgadas e 34 solicitadas, afectados por espazos naturais protexidos. Trátase de garantir que se lles respecten as condicións aos que xa foron outorgados, incluídas as establecidas na declaración ambiental e no plan de restauración, e evitar así que se lles impoñan “novas restricións ou condicións que supoñan unha privación singular de dereitos adquiridos”.

Polo anterior propónse a inclusión dos titulares de dereitos sobre os territorios incluídos en espazos naturais protexidos nas actividades coherentes coa conservación do medio, na participación pública e na composición da xunta reitora dos espazos naturais protexidos.



Explotación de Arxila. Centro de Interpretación Brañas de Valga. Mesía (A Coruña)

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO SIL: PACTO NACIONAL POLA AGUA E OUTROS TEMAS DO SECTOR

A reunión, mantida en marzo co presidente da CHMS, D. Francisco Marín Muñoz, produciuse no marco do proceso de diálogo posto en marcha polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para alcanzar un gran acordo pola auga en España.

A entidade cameral estivo representada polo presidente, D. Juan de Dios Martín Aparicio, o seu director, D. Diego López; e o vocal D. Benigno Amor. Xunto a eles, como principais organizacións empresariais da demarcación, estiveron os responsables da Asociación Galega de Empresas de Enxeñería, Consultoría e Servizos Tecnolóxicos (Ageinco), do Centro Tecnolóxico da auga e da Federación Empresarial de Serradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia (Fearnaga).

O obxectivo é crear un marco de diálogo permanente a favor dunha mellor xestión da auga a través da planificación. Así, está previsto por parte do Goberno do Estado desenvolver roldas de reunións sucesivas con administracións, usuarios, axentes sociais e sociedade civil, de modo que a principios de 2018 se poidan iniciar as negociacións cos distintos grupos parlamentarios.

Dende a Cámara se sinalou que a actividade mineira en Galicia non xera problemas de contaminación das masas de auga, excepto sólidos en suspensión, e que cando esta remata, os plans de restauración poden achegar solucións na xestión da auga.

31/07/2017

PROPUESTAS DEL SECTOR MINERO GALLEGO AL PROYECTO DE REAL DECRETO DE PROTECCIÓN DE LA ATMÓSFERA Y POR EL QUE SE ACTUALIZA EL CATÁLOGO DE ACTIVIDADES POTENCIALMENTE CONTAMINADORAS DE LA ATMÓSFERA (CAPCA).

Ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

28/08/2017

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 193/2012, DO 27 DE SETEMBRO, POLO QUE SE REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.

Á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

14/09/2017

REUNIÓN PRESIDENCIA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL.

D. Francisco Marín Muñoz.

10/10/2017

REUNIÓN PACTO NACIONAL DEL AGUA. Confederación Hidrográfica Miño - Sil.



Explotación de Lignito. Limeisa. Cerceda (A Coruña)

OBSERVATORIO AUTONÓMICO DOS RÍOS DE GALICIA E OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

A Consellería de Medio Ambiente anuncia a creación dun Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia para orientar as políticas en relación aos cursos de auga, que permitirá avaliar os aspectos ambientais e ecosistémicos das medidas e a posta en valor destes espazos naturais, enfocado á realización dun plan marco director de actuación para a xestión das concas fluviais, a favor de compatibilizar o aproveitamento sustentable e a conservación da natureza.

Por outra banda, a mesma consellería anuncia a tramitación do Proxecto de Decreto polo que se modifica a composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia solicita que, no caso de que se cree o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia e se manteña o Observatorio Galego de Educación Ambiental, se inclúan entre os seus membros a representantes das Administracións con competencias en minaría e en enerxía, á COMG, órgano consultivo da Administración, e a representantes das organizacións sindicais e empresariais relacionadas cos sectores mineiros, ao obxecto de procurar a compatibilización e integrar a protección do medio ambiente co desenvolvemento das actividades económicas no medio rural.

PROXECTO DE REAL DECRETO DE PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA E POLO QUE SE ACTUALIZA O CATÁLOGO DE ACTIVIDADES POTENCIALMENTE CONTAMINADORAS DA ATMÓSFERA (CAPCA)

En xullo de 2017 a Cámara Oficial Mineira de Galicia presenta a súas propostas ao proxecto de real decreto de protección da atmosfera e polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.

Primeiramente, propónse manter a literalidade da Directiva 2015/2193 do parlamento europeo e do consello do 25 de novembro de 2015 sobre a limitación das emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes das instalacións de combustión e a inclusión do concepto de Situación anómala de funcionamento.

As demais propostas refírense a distinción dos incidentes circunstanciais que non puxesen en perigo a seguridade ou saúde das persoas e o incumprimento dun foco que represente unha porcentaxe significativa da emisión da instalación e que xere alteracións na calidade do aire, contemplando a posibilidade de que as instalacións poidan demostrar a influencia dun mal funcionamento ou unha avaría na superación ou incumprimento dos valores e na calidade do aire, para os efectos das responsabilidades administrativas, da suspensión do funcionamento da instalación ou do control dos focos.



Niño de falcon peregrino en frente de canteira.



Explotación de Dunita. Pasek Minerales. Cariño (A Coruña)

2.2. INTEGRACIÓN TERRITORIAL

Unha das nosas máis firmes apostas e un dos nosos compromisos na defensa do sector mineiro galego é a integración territorial da actividade extractiva.

En cada un dos nosos informes ao respecto insistimos na singularidade do recurso mineiro e na súa especial vinculación ao territorio: a súa situación está determinada pola natureza sen que haxa posibilidade de modificala, agás mediante a súa explotación. Porén, é frecuente que sobre un mesmo espazo xeográfico se proxecten distintas actividades ou usos do solo. Nestes casos, consideramos que a única solución é

aplicar a doutrina do Tribunal Constitucional do caso a caso para ponderar a compatibilidade dos usos e, no caso de incompatibilidade, determinar cal debe prevalecer.

Pero a planificación territorial non se debe restringir unicamente á compatibilización de usos. A minaría pode resolver necesidades alleas á demanda de materias primas para a construción, a industria e a enerxía. As estruturas que xera a actividade poden solucionar necesidades propias da nosa sociedade, e deberían ser tidas en conta na planificación territorial.



Explotación de augas minerais. Balneario e Termas Romanas de Lugo. (Lugo)

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Consello da Xunta reunido o 14 de decembro autorizou a aprobación inicial do Plan Básico Autonómico, que será referencia para os concellos que carezan de planeamento, establecendo unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación, de acordo coas súas determinacións, a través dunhas ordenanzas tipo para a elaboración dos plans básicos municipais dos concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral.

O Plan Básico Autonómico responde a tres grandes obxectivos: ningún concello sen plan xeral; o desenvolvemento ordenado e sustentable do medio rural para posibilitar a súa posta en valor; e a protección da paisaxe.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou en setembro as alegacións do sector extractivo ao

borrador do Plan Básico Autonómico. Nas súas achegas, a entidade apostou pola implantación da “necesaria ponderación, caso a caso, dos intereses concorrentes” e evitar a adopción de “medidas ou instrumentos que con carácter xeral limiten a actividade mineira en amplas áreas do territorio”.

Tamén solicitou a adaptación do documento á actual Lei do solo de Galicia, en canto ao regulamento e á definición de usos e actividades, dado que se retrocedía as antigas prohibicións e autorizacións da Lei 9/2002 derogada. Nas alegacións insítese no respecto aos dereitos mineiros e aos perímetros de protección de augas minerais e termais, na inclusión dos dereitos mineiros nos planos de delimitación das afeccións sectoriais, así como a súa actualización mediante a consulta ás administracións competentes.

24/02/2017

REUNIÓN COMITÉ DE
NORMATIVAS.
Cámara Oficial Mineira
de Galicia.

02/03/2017

ALEGACIONES DO
SECTOR MINEIRO
ÁS DIRECTRICES DA
PAISAXE DE GALICIA.
Ao Instituto de Estudos
do Territorio (IET).

29/03/2017

XORNADA.
REGULAMENTO DA LEI
DO SOLO.
Dirección Xeral de
Ordenación do Territorio
Urbanismo.

30/03/2017

XORNADA
ACTUALIZACIÓN
NORMATIVA.
Cámara Oficial Mineira
de Galicia.

15/05/2017

ALEGACIÓNS AO
PLAN XERAL DE
ORDENACIÓN
MUNICIPAL.
Ao Concello de Malpica
de Bergantiños.

19/07/2017

ALEGACIÓNS AO
PROXECTO DE
DECRETO POLO
QUE SE REGULA A
COMPOSICIÓN E O
FUNCIONAMENTO DO
CONSELLO ASESOR DA
PAISAXE DE GALICIA.
Ao Instituto de Estudos
do Territorio.

08/08/2017

ALEGACIÓNS AO
PLAN XERAL DE
ORDENACIÓN
MUNICIPAL.
Ao Concello de Cospito.



Explotación de Áridos. Prebetong Áridos. A Coruña (A Coruña)

AS DIRECTRICES DA PAISAXE E CONSELLO ASESOR DA PAISAXE DE GALICIA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou un amplo documento coas alegacións do sector ao borrador das Directrices da Paisaxe de Galicia, proposto pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no marco da Lei de protección da paisaxe de Galicia.

A entidade cameral sinala que o recurso mineiro é un ben de dominio público cuxa explotación non se debe prohibir de xeito xenérico e aposta, unha vez máis, pola ponderación caso a caso a prol da compatibilización dos intereses mineiros e ambientais.

O sector mineiro apunta os numerosos exemplos que hai en Galicia de antigas minas restauradas con éxito e destaca o lago das Pontes, xa que foi proposto como unha das Áreas de Especial Interese Paisaxístico, así como que o 23,22% das 211 Áreas de Especial Interese Paisaxístico do Catálogo da Paisaxe de Galicia inclúen dereitos mineiros de explotación ou aproveitamentos outorgados.

Tamén no marco da Lei de protección da paisaxe de Galicia, a Consellería de Medio Ambien-

te e Ordenación do Territorio tramita o Proxecto de Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, ao que a Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou alegacións nas que reclama que, no caso de crearse o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, cousa que se considera innecesaria, se inclúan entre os seus membros á COMG como órgano consultivo da Administración, e representantes das organizacións sindicais e empresariais relacionadas cos sectores mineiros.

23/08/2017

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE. Á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

18/09/2017

ALEGACIONES AO DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉGICO E AO BORRADOR DO "PLAN BÁSICO AUTONÓMICO". Á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

20/09/2017

ENQUISA SOBRE TRAMITACIÓN DE LICENZAS MUNICIPAIS. Aos Socios da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

05/10/2017

PROPOSTAS AO PROXECTO DE LEI DE ACOMPAÑAMENTO DOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA 2018. Á Consellería de Economía, Emprego e Industria (CEEI)

21/11/2017

REUNIÓN DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, REPRESENTANTES SUBSECTORIAIS. D. Ángel Bernardo Tahoces D^a María José Mijares Coto, ARIGAL, Cluster do Granito e Cluster da Lousa.



De esquerda a dereita, D. Diego Lopez, director da COMG, D. Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas, Dna. Encarnación Rivas, directora xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, e D. Juan de Dios Martín, presidente da COMG.

XORNADA ACTUALIZACIÓN NORMATIVA

No marco da súa Asemblea Anual, co fin de achegar ao sector as últimas novidades lexislativas con repercusión na actividade extractiva, a Cámara Oficial Mineira de Galicia organizou unha xornada o 30 de marzo que foi aberta polo seu presidente e clausurada polo director xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces.

Os temas abordados foron a Lei do Solo e o regulamento que a desenvolve, da man da directora xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, Dna. Encarnación Rivas; o novo regulamento de explosivos, exposto polo director da Asociación Galega de Áridos, D. Carlos Martínez, e a afección ao sector do Catálogo de paisaxes de Galicia, analizado polo director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Diego López.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo explicou que a Xunta aposta por defender un aproveitamento sustentable dos recursos e facelos compatibles coa preservación dos valores do territorio, recordou que os usos propios do solo rústico son o agropecuario, o forestal, o pesqueiro e o mineiro, e aclarou que isto non é sinónimo dun menor coidado do territorio. Indicou que os usos mineiros seguirán condicionados, como ata agora, ao estrito cumprimento da normativa ambiental e á autorización sectorial que debe emitir a consellería con competencias na materia.

D. Ángel Bernardo Tahoces pechou a xornada definindo a Lei do solo como un avance importante na compatibilización de actividades en solo rústico e na simplificación de tramitacións. Sinalando que o abandono do rural é un dos principais problemas de Galicia e a súa solución un dos obxectivos estratéxicos da Xunta

Referiuse tamén á necesidade de integración social do sector mineiro, e sitúa o prestixio social no principal obxectivo que debería abordar o sector, indicando que "Desde a Xunta apoiamos a minaría sustentable, compatible co medio, integrada co territorio e a sociedade que a acolle e segura para as persoas que nela traballan".

PROPOSTA PARA A ADECUACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS EXISTENTES A NOVA LEI DO SOLO

Dada a evolución lexislativa en canto a regulación no uso do solo, a entrada en vigor da Lei 2/2016 e co fin de incrementar a seguridade xurídica para aquelas explotacións anteriores a entrada desta última lei, a Cámara Oficial Mineira de Galicia propuxo que as explotacións que carezan do título municipal habilitante, poidan obtelo mediante a presentación da comunicación previa acompañada dun informe do órgano mineiro no que se acredite o cumprimento das condicións establecidas no outorgamento do correspondente dereito mineiro.

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

A COMG presentou alegacións ao proxecto de decreto solicitando que se modifique o artigo 3.1.a) para que inclúa a investigación ou explotación de recursos mineiros entre as actividades permitidas no dominio público marítimo-terrestre, salientando que a investigación e explotación de recursos mineiros e enerxéticos está explicitamente permitida no dominio público marítimo-terrestre, tal e como se sinala o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

REVISIÓN DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA

É labor da Cámara a revisión dos instrumentos de ordenación territorial en defensa dos dereitos mineiros existentes e o seu respecto e consideración en ditos instrumentos.

Durante este ano revisamos 134 instrumentos de ordenación do territorio, así como a afección dos proxectos eólicos. Ademais de informar aos membros afectados, presentáronse alegacións a aqueles que tivesen incidencia no sector mineiro de xeito global, ou en dereitos mineiros concretos, coma nos casos dos Plans Xerais de Ordenación Municipal de Malpica de Bergantiños e Cospeito.

PXOMs

39

Outros plans

83

Parques eólicos

12

2,5 planes cada semana



Establecemento de Beneficio de Lousa. Europizarras. A Fonsagrada (Lugo)

2.3. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O compromiso da Cámara coa seguridade e a saúde laboral dos traballadores do sector mineiro levounos xa en 2010 a poñer en marcha o Observatorio da Seguridade Mineira, creado co apoio da Consellería de Economía e Industria e coa colaboración do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A través desta ferramenta analizamos e avaliamos os datos de sinistralidade, así como a súa evolución temporal para definir a casuística e causalidade da sinistralidade laboral e das enfermidades profesionais.

Tamén elaboramos estudos e informes en materia de seguridade e saúde mineira para informar e sensibilizar ao sector sobre as prácticas preventivas axeitadas en función da problemática observada. E asesoramos á Administración e aos empresarios do sector na elaboración, seguimento e avaliación das medidas de seguridade.

Todo co obxectivo final de diminuír a sinistralidade e mellorar as condicións de seguridade e salubridade das explotacións mineiras galegas.

INCLUSIÓN DO PO DE SÍLICE CRISTALINA NA DIRECTIVA DE PROTECCIÓN CONTRA AXENTES CARCINÓXENOS

A Unión Europea inclúe os “traballos que supoñan exposición ao po respirable de sílice cristalina xerado nun proceso de traballo” na Directiva 2004/37/CE, relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxicos ou mutáxicos durante o traballo.

Ademais, establécese un valor límite para o po de sílice cristalina respirable de $0,1 \text{ mg/m}^3$, tal e como defendeu o sector extractivo galego e trasladou ao parlamento europeo. Postura com-

partida tanto por NEPSI (European Network for Silica) como pola Confederación Nacional de Industrias Extractivas de Rocas y Minerales Industriales (COMINROC).

Cabe sinalar que a proposta da Comisión de modificación da Directiva 2004/37/CE recoñece o papel das boas prácticas de NEPSI como un instrumento valioso para complementar os requisitos regulamentarios e apoiar a súa aplicación efectiva.



20/01/2017

REUNIÓN
NORPREVENCIÓN.
D. Javier Castiñeiras.

13/02/2017

DIRECCIÓN XERAL
DE ENERXÍA E MINAS
E REPRESENTANTES
SUBSECTORIAIS.
D. Ángel Bernardo
Tahoces D^a María José
Mijares Coto, ARIGAL,
Cluster do Granito e
Cluster da Lousa.

19/06/2017

DIRECCIÓN INSTITUTO
DE SEGURIDADE E
SAUDE LABORAL
(ISSGA)
D^a. Adela Quinzá,
D. Fernando González.

27/06/2017

ALEGACIONES
A LA CONSULTA
PÚBLICA PREVIA A
LA ELABORACIÓN
DE UN PROYECTO
NORMATIVO SOBRE
LA MODIFICACIÓN
DEL REAL DECRETO
1299/2006, PARA
QUE SE INCLUYA EL
CÁNCER DE PULMÓN
POR EXPOSICIÓN
AL SÍLICE COMO
ENFERMEDAD
PROFESIONAL.
Á Secretaría de Estado
de la Seguridad Social.
Ministerio de Empleo y
Seguridad Social.

05/10/2017

V XORNADA
RESPONSABILIDADE
EMPRESARIAL NA
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL NO SECTOR
DOS ÁRIDOS.
Asociación Galega de
Áridos (ARIGAL).



Ponentes da V Xornada de responsabilidade empresarial na seguridade e saúde laboral.

V XORNADA DE RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL: OBXECTIVO CERO ACCIDENTES NO SECTOR DOS ÁRIDOS

A COMG participou na xornada organizada pola Asociación Galega de Áridos (ARIGAL), o 6 de outubro no Pazo de San Roque, en Santiago de Compostela.

Nesta xornada tódolos axentes que interveñen na investigación e tramitación dos accidentes laborais, definiron as melloras que se poden desenvolver, unha vez ocorrido o accidente.

Nunha primeira mesa de debate, membros da administración mineira, ISSGA e Cámara Oficial Mineira de Galicia debateron sobre as causas dos accidentes. Asemade, nesta mesa, o persoal do ISSGA detallou a súa labor de investigación dos accidentes e o director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Diego López, explicou os de sinistralidade mineira, a caracterización dun accidente tipo, a incidencia das enfermidades profesionais no sector, ademais de analizar o grado de cumplimentación dos requirimentos normativos na materia.

Xa na segunda mesa, o fiscal de sinistralidade de Galicia, D. Luis Anguita Juega, xunto con membros dos diferentes corpos de seguridade do estado, indicaron que ademais da procura da mellora continua nas condicións de traballo dos traballadores, tamén se deben minimizar os efectos posteriores o accidente no persoal da empresa, tanto técnicos, coma administradores.



Establecemento de Beneficio de Arxila.
Cerámica Campo. A Laracha (A Coruña)



2.4. VALORIZACIÓN DOS RECURSOS XEOLÓXICOS

A minería é o conxunto de actividades destinadas a poñer en valor un recurso natural de dominio público. Satisfacendo a demanda social e económica de materias primas para o desenvolvemento de actividades industriais, construtivas, tanto de vivenda como de infraestruturas, agrogandeiras ou enerxéticas.

A Cámara, como órgano consultivo e de referencia na minaría galega, ten entre as súas funcións facilitar a posta en valor dos recursos naturais xeolóxicos.

Para iso, encárgase de axilizar as tramitacións, de unificar criterios de interpretación da normativa, da divulgación das novidades lexislativas e das iniciativas tanto europeas como nacionais.

Todo iso, unido ao incremento e transferencia do coñecemento e ao fomento e divulgación das mellores técnicas dispoñibles, son parte dos nosos obxectivos para facilitar o desenvolvemento da minaría e mellorar a execución das súas actividades.

LEI DE FOMENTO DE IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

En outubro o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que permitirá axilizar os trámites para a autorización de dereitos mineiros ao tempo que se garante a máxima seguridade xurídica durante todo o procedemento administrativo.

A nova norma representa unha fonda revisión da Lei 3/2008 de Ordenación da Minaría de Galicia e, ademais de axilizar a tramitación, permite a adaptación á lexislación posterior en materia ambiental e mineira, garantindo a integración territorial.

A Lei amplía a solicitude de informe preceptivo ás Administracións municipal, ambiental, urbanística e agraria, ao resto de administracións competentes nos distintos dominios públicos que poidan estar afectados, como Patrimonio Cultural, dominio público hidráulico e dominio público marítimo terrestre, cando proceda, ademais da calquera outra administración que se xulgue necesario.

Ao obxecto de evitar duplicidades que só contribúen a elevar os períodos de tramitación establécese a premisa de informe único, equiparando o informe positivo á autorización necesaria doutras Administracións. Para o que o titular deberá entregar xunto coa solicitude do dereito a documentación necesaria para a autorización establecida pola lexislación sectorial correspondente.

O novo texto prevé, para aqueles casos nos que o outorgamento do dereito mineiro leve implícita a declaración de utilidade pública ou se posibilita en virtude da lexislación básica, a posibilidade de incorporar á súa tramitación, se se desexa, a documentación necesaria para a obtención, co outorgamento do dereito, da declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o ini-

cio do proxecto. Compaxinando, deste xeito, o primeiro trámite dun proceso expropiatorio, coa tramitación do outorgamento do dereito mineiro e garantindo a participación de titulares de bens e dereitos afectados antes do outorgamento do dereito mineiro.

Redúcese o prazo para a emisión dos informes preceptivos de 2 meses a 1 mes, en consonancia co prazo establecido pola Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental, incorporando tamén a reiteración da solicitude destes informes, para garantir a súa emisión e a continuidade do procedemento, ao tempo que se evitan dilacións que aumenten os períodos de tramitación.

A principal novidade desta Lei é a convocatoria de concurso público coa publicación da resolución de caducidade dun dereito mineiro. Diminuindo o período de transitoriedade, ao que se ven abocados os terreos afectados polos dereitos mineiros, desde a súa caducidade ata a convocatoria de concurso, de varios anos na actualidade, a un mes.

Esta medida minimiza o período de bloqueo do terreo, evitando a especulación e dinamizando o sector. Extinguindo os proxectos de escaso interese mineiro ou substituíndoos por proxectos de maior interese público. Ademais de eliminar a afección para os titulares dos terreos que poida ter a existencia, sobre estes, dunha actividade de interese público.

Co fin de garantir a rehabilitación dos espazos afectados pola actividade mineira, modifícase a constitución de garantías financeiras ou equivalentes de maneira que se asegure a existencia de fondos facilmente executables en calquera momento por parte da administración. Ampliando as modalidades de constitución destas garantías e adaptándoas ao impacto real a rehabilitar.

A Lei establece a determinación por parte do solicitante daquela información que poida estar sometida ao segredo industrial, propiedade



O Conselleiro, D. Francisco Conde e o Presidente da COMG, D. Juan de Dios Martín.

intelectual, á protección de datos de carácter persoal ou aqueles que teñan carácter confidencial, en coherencia coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Aínda que corresponderá á Administración comprobar que información cumpre cos requisitos legalmente establecidos para a súa protección.

Á vista do impacto que estaba producindo a tramitación parlamentaria desta nova Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais, a Cámara Oficial Mineira de Galicia xunto co Clúster da Pizarra, Clúster do Granito e Asociación Galega de Áridos, compareceron nunha rolda de prensa para mostrar o seu apoio ao novo texto e poñer en valor a contribución do sector ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Estimouse que coa nova Lei xeraranse máis de 800 novos empregos directos no sector en Galicia, cunha achega de máis de 156 millóns de euros ao PIB da Comunidade, ao tempo, que permitirá desafectar do dominio público máis de 215.000 hectáreas favorecendo o desenvolvemento de novas actividades industriais.

29/03/2017

REUNIÓN. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, IGAPE E REPRESENTANTES SUBSECTORIAIS. D. Ángel Bernardo Tahoces D^a María José Mijares Coto, IGAPE, ARIGAL, Cluster do Granito e Cluster da Lousa.



Dña. Mónica Rodríguez, vicepresidenta do Clúster do granito, D. Alberto Novoa, vicepresidente de ARIGAL, D. Víctor Cobo, presidente do Clúster da pizarra, e D. Juan de Dios Martín, presidente da COMG.

09/05/2017

ENCUENTRO INTERNACIONAL SOBRE MINERÍA Y METALURGIA. Confederación Nacional de Empresarios de la Minería y de la Metalurgia (CONFEDEM)



De esquerda a dereita, D. David Fernández, do Cluster do granito, D. Juan de Dios Martín, da COMG, D. Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas, D. Rogelio López, do Cluster da Pizarra, e D. Alberto Novoa, de ARIGAL.

31/05/2017

REUNIÓN. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. D. Francisco Conde.

08/06/2017

REUNIÓN. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS E REPRESENTANTES SUBSECTORIAIS. D. Ángel Bernardo Tahoces D^a María José Mijares Coto, AGPO, ARIGAL, Cluster do Granito e Cluster da Lousa.

20/06/2017

PROPOSTAS DO SECTOR MINEIRO AO BORRADOR DE LEY DE IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL. Á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

18/08/2017

REUNIÓN SOCIOS AFECTADOS POLO ICAM.

XORNADA TÉCNICA: PERSPECTIVAS DE FUTURO PARA O SECTOR MINEIRO GALEGO

A xornada técnica para analizar as perspectivas de futuro do sector mineiro galego promovida conxuntamente pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, o Clúster da Lousa, o Clúster do Granito e a Asociación Galega de Áridos, analizouse particularmente a implantación da nova norma, que contribuirá á dinamización do sector mineiro galego cun crecemento estimado do 23%.

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, que foi o encargado de inaugurar o foro, aludiu a que a Lei persegue, entre outras cuestións, consolidar o sector mineiro galego, e vai permitir implantar un procedemento administrativo pioneiro e moi avanzado, que abarcará de maneira integral, todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

No foro interviñeron o catedrático da Escola de Enxeñería de Minas da Universidade de Vigo, Javier Taboada Castro, e o catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, Luís Míguez Macho, e pechouse cunha mesa redonda na que participaron os alcaldes de Carballeda de Valdeorras e Porriño, en cuxos municipios o peso económico da actividade mineira é moi relevante. Do mesmo xeito participou nesta mesa redonda o alcalde de Sandiás (Ourense), concello que destaca no ámbito da produción de áridos.



EUROPEAN NETWORK FOR SUSTAINABLE QUARRYING AND MINING (ENSQM)

A Cámara Oficial Mineira de Galicia incorporouse a Rede Europea de Canteiras e Minas Sustentables (ENSQM, nas súas siglas en inglés), unha iniciativa que nace do compromiso do sector para promover o seu desenvolvemento sustentable. Deste xeito, a minería galega estará representada nesta rede europea de cooperación que traballa a favor dos valores socioeconómicos e ambientais.

Creada en 2016, a Rede Europea de Canteiras e Minas Sustentables destaca entre os seus puntos crave a promoción da cooperación e do diálogo, a mellora das prácticas sustentables e

a conservación da biodiversidade. Sinala tamén a xestión dos impactos ambientais e sociais, e a saúde e seguridade dos traballadores, así como a súa capacitación.

A ENSQM destacou o encaixe da Cámara Oficial Mineira de Galicia nos principios da rede, así como o valor engadido que representa a súa integración. A Cámara actuara como líder do foro rexional para Galicia baseándose no seu labor como plataforma para a investigación e aproveitamento sustentable dos recursos xeolóxicos no territorio galego.

NORMAS DE APLICACIÓN DO ICAM

En decembro de 2017 publicase no Diario Oficial de Galicia a Orde do 18 de decembro de 2017, pola que se establecen as normas de aplicación do Imposto Compensatorio Ambiental e Mineiro (ICAM), deste xeito a Xunta avanza na aplicación deste imposto.

En agosto, a Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou alegacións ao borrador da Orde, nas que se reiteraban os conceptos e as peticións xa realizadas en 2014 con motivo da creación do ICAM, solicitando a retirada da orde pola que se establecen as normas de aplicación do ICAM.

A Cámara mantén que a aplicación do ICAM pode supor a perda dunha oportunidade de crecemento económico e xeración de emprego.

Nos atopamos ante un imposto contrario ás políticas europeas en materia de medio ambiente e industria, e pode subtraer da riqueza do país recursos que o Estado considera de interese xeral. Co que supón de perda para a riqueza do noso país, e o risco para a nosa economía

28/08/2017

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE ORDEN POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS DE APLICACIÓN DO IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO. Consellería de Facenda.

11/09/2017

REUNIÓN. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. D. Francisco Conde.

19/09/2017

EMENDAS AO PROXECTO DE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL EN GALICIA. Á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

05/10/2017

ROLDA DE PRENSA PROXECTO DE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL EN GALICIA. ARIGAL, COMG, Clúster do Granito, Clúster da Lousa.

10/10/2017

ADHESIÓN Á EUROPEAN NETWORK FOR SUSTAINABLE QUARRYING AND MINING (ENSQM)

25/10/2017

PERSPECTIVAS DE FUTURO PARA O SECTOR MINEIRO GALEGO. ARIGAL, COMG, Clúster do Granito, Clúster da Lousa.



Ponentes da mesa sobre medio ambiente e urbanismo.

IV ENCONTRO INTERNACIONAL DE MINARÍA E METALURXIA 2017

O foro, organizado pola Confederación Nacional de Empresarios da Minería e a Metalurxia (Confedem), reuniu os máximos representantes da Asociación Europea de Minaría (Euromines); da Asociación de Minaría de Canadá (MAC) e da Asociación Nacional Portuguesa (ANIET), xunto cos directores xerais de Minas, Medio Ambiente e Urbanismo de diversas comunidades autónomas, así como personalidades de organizacións empresariais e das firmas mineiro metalúrxicas afiliadas a Confedem.

A mesa redonda sobre medio ambiente e urbanismo contou coa participación da Cámara Oficial Mineira de Galicia a través do seu presidente, D. Juan de Dios Martín Aparicio. Na mesa redonda sobre xestión mineira sustentable tivo especial protagonismo a certificación en sustentabilidade, da que España é pioneira a través das Normas UNE 22470 e 22480/2015, en cuxa elaboración participou a Cámara.

O presidente de Confedem, D. Juan José Cerezuela inaugurou o foro destacando o papel esencial da minaría e da metalurxia “na consolidación dunha economía nacional sólida e solvente, integradas nas formulacións da Unión Europea e coordinadas co desenvolvemento da economía circular”.

GUÍA DE CORES E MATERIAIS DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou a “Guía de cores e materiais de Galicia”, cuxo obxectivo é proporcionar criterios e directrices técnicas e obxectivas para a regulación das cores e materiais de revestimento arquitectónicos das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

Dende a Cámara trasladouse a súa preocupación pola aplicación práctica da guía, concretamente pola determinación do color dos produtos naturais, dada a falta de uniformidade dos mesmos. Ao tempo de sinalar a importancia de este documento para o fomento do uso de materiais autóctonos tradicionais na construción.



Establecemento de Beneficio de Granito Ornamental. Lista Granit. Arteixo (A Coruña)



Establecemento de Beneficio de Seixo. Erimsa. Boqueixón (A Coruña)

3 FORMACIÓN

Como consecuencia da nosa función de fomentar o ensino da minaría traballamos para potenciar a mellor cualificación dos profesionais do noso sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais. Todo iso co obxectivo de garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos para desenvolver cada labor coas máximas garantías.

Así, mantemos unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo. Tamén desenvolvemos e apoiamos accións de formación dirixidas aos traballadores do sector mineiro, especialmente no ámbito da prevención.

Tratamos así de conseguir que os nosos profesionais teñan a capacitación precisa para satisfacer as necesidades das empresas e, en xeral, dunha actividade capaz de adaptarse ás esixencias dos novos tempos.

CARTA EN DEFENSA DA XEOLOXÍA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia uniuse ao Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos, ao Instituto Universitario Xeoloxía, á Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo, á Facultade de Ciencias Ourense e á Unidade Galicia IGME, na súa preocupación pola perda de importancia dos estudos de xeoloxía nas probas de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario na carta dirixida ao Sr. director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que, dada a próxima chamada a procedementos selectivos (Orde do 7 de abril de 2017).

CURSOS DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA OS TRABALLADORES DO SECTOR

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impartiu neste ano, co apoio do Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital, un total de 11 cursos de seguridade e saúde para os traballadores do sector, que suman 114 horas formativas. A meirande parte (6 cursos, 90 horas) enmárcanse no programa de formación preventiva para o desempeño do posto de traballo regulada pola ITC 02.1.02 (Orde ITC/1316/2008) e as especificacións técnicas que a desenvolven, e teñen carácter obrigatorio. Os cinco cursos restantes forman parte do programa de formación complementaria sobre riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos.

RISCOS DE SEGURIDADE, HIXIÉNICOS E ERGONÓMICOS

Os cursos de formación sobre riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos centráronse na protección dos traballadores contra o po e as lesións físicas ocasionadas por posturas forzadas, movementos repetitivos e vibracións, ademais de formación en primeiros auxilios, formando a un total de 90 traballadores.

SEDES DOS CURSOS

FORMACIÓN PREVENTIVA

Desenvolvemos cursos de formación preventiva para o desempeño do posto de traballo regulados pola ITC 02.1.02 dirixidos a operarios de maquinaria de transporte e de arranque; operarios de actividades extractivas de interior; persoal de investigación, perforación, corte e voadura; e de plantas e oficinas. Impartíronse tanto cursos iniciais de vinte horas, como de actualización de coñecementos de cinco horas, formando a un total de 134 traballadores.



TITULACIÓN DE GRAO MEDIO DE TÉCNICO DE ESCAVACIÓNS E SONDAXES

Galicia carece de centros de formación profesional en industrias extractivas.

Por este motivo representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia e da Asociación Galega de Áridos solicitaron a implantación da titulación de formación profesional de grao medio de Técnico en Escavacións e Sondaxes en Galicia tanto á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como á de Economía, Emprego e Industria.

4 DIVULGACIÓN

A actual Xunta Directiva, e especialmente o noso presidente, ten como un dos seus principais retos a promoción social da minaría galega en xeral e da nosa Cámara en particular.

Neste marco de acción, unha das primeiras medidas adoptadas foi a creación, en 2014, do Comité de Información, formado por doce membros co labor de definir as medidas a prol da promoción social do sector e de supervisar as actuacións de divulgación e información.



Explotación de Dunita. Pasek Minerales. Cariño (A Coruña)



Explotación de Dunita. Pasek Minerales. Cariño (A Coruña)



Establecemento de Beneficio de Caolín. Caolines de Vimianzo (A Coruña)

EUROPEAN MINERALS DAY (DÍA EUROPEO DOS MINERAIS)

O Día Europeo dos Minerais, que en 2017 cumpriu o seu décimo aniversario, celébrase cada dous anos co obxectivo de darlle á sociedade a oportunidade de explorar o mundo dos minerais.

As explotacións de Pasek Minerais en Cariño e de Caolines de Vimianzo, abriron o pasado 22 de setembro as súas portas a grupos de alumnos que puideron coñecer a relevancia dos recursos mineiros e o traballo desenvolvido para a súa extracción e comercialización.

Pola súa banda, a Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía realizou un taller de recoñecemento de minerais no que os asistentes aprenderon a identificar os minerais máis comúns da natureza a partir das súas propiedades físicas, así como a súa clasificación e usos.

Dentro destas actividades, o director da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Diego López, interveu o 23 de setembro en Ribas de Sil nas III Xornadas de Xeoloxía Montañas do Courel, organizadas polo Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel. No seu relatorio D. Diego López abordou o pasado e o futuro da actividade extractiva.



SANTA BÁRBARA

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Francisco Conde, presidiu o 1 de decembro a entrega dos premios Santa Bárbara 2017, xunto co vicepresidente 2º da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Fernando Pla. Ambos foron os encargados de darlles os galardóns ao ex-catedrático de Minas, D. Enrique Orche, pola súa traxectoria e á alcaldesa de Lousame, Dña. Teresa Villaverde, pola comunicación e recuperación das antigas instalacións da mina de San Finx.

A celebración da nosa Patroa que reuniu á comunidade mineira en Santiago contou coa presenza de diversas autoridades, como o director xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, ou a Valedora do Pobo, Dña. Milagres Otero. Xunto a elas compartiron a xornada festiva numerosos representantes dos ámbitos institucional, empresarial e profesional vinculados coa actividade extractiva.

A entrega de premios arrincou coas palabras do vicepresidente 2º da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Fernando Pla, quen denunciou o desprestixio que está a sufrir o sector. Referiu-se aos “distintos axentes sociais que, lanzando informacións parciais e ambiguas sobre os posibles efectos ambientais negativos das actividades extractivas, pretenden xerar alarma social



De esquerda a dereita, D. Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, D. Enrique Orche, Dña. Teresa Villaverde, alcaldesa de Lousame e D. Fernando Pla, vicepresidente 2º da COMG.

e mobilizar a poboación en contra da nosa actividade”.

Tras o discurso de benvinda, a alcaldesa Dña. Teresa Villaverde recolleu o premio Comunicación. Nas súas palabras de agradecemento referiuse á protección do patrimonio como un deber das administracións e falou do proxecto de recuperación da mina de San Finx como unha actuación “para dar a coñecer a relevancia da minería de Lousame” e o que foi para a poboación e para a comarca.

Pola súa banda, D. Enrique Orche, tras recoller o galardón pola súa traxectoria afirmou sentirse atafegado ante este primeiro galardón que recibe en recoñecemento a todo o seu labor e deulles as grazas á Cámara Oficial Mineira de Galicia e ás persoas que avalaron a súa candidatura.

D. Francisco Conde pechou o acto de entrega co agradecemento e os parabéns aos premiados e á Cámara Oficial Mineira de Galicia polo seu traballo de case un século, “síntoma da fortaleza do sector e da unión para a defensa dos seus intereses”.

Para o conselleiro, o sector e todos os ámbitos de coñecemento deben “seguir impulsando unha minería que ten que ser sustentable e moderna, e que ten a responsabilidade de pensar no futuro”.

27/04/2017

REUNIÓN. CONCELLO DE LAXE.
D. José Manuel Mouzo,
D. Xosé Manuel Pose,
Caolines de Vimianzo.

11/05/2017

REUNIÓN. GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA COUREL, CONCELLOS DE QUIROGA, RIBAS DE SIL E FOLGOSO DO COUREL, E SOCIOS.

05/07/2017

VII CONGRESO PARA LA CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO INDUSTRIAL Y DE LA OBRA PÚBLICA EN ESPAÑA. PATRIMONIO INDUSTRIAL, REPERCUSIONES AMBIENTALES Y ESTRATEGIAS DE REGENERACIÓN TERRITORIAL. TICCIH.

06/07/2017

VISITA AO MUSEO MINEIRO DE SAN FINX. Xunta Directiva Cámara Oficial Mineira de Galicia.

01/12/2017

SANTA BÁRBARA 2017. Cámara Oficial Mineira de Galicia.

A CÁMARA INTÉGRASE NA CANDIDATURA A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO DAS MONTAÑAS DO COUREL



Museo Xeolóxico de Quiroga. Quiroga (Lugo)

A Xunta Directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia acordou, na súa xuntanza do pasado maio, participar tanto no comité científico coma no comité económico e social da candidatura a Xeoparque Mundial da Unesco das montañas do Courel. A decisión adoptouse en resposta á solicitude de apoio feita por parte da entidade promotora da iniciativa, á que xa se lles notificou por carta o acordo “agardando que este feito impulse o recoñecemento e valorización dos recursos xeolóxicos e mineiros” e previa consulta aos socios con dereitos mineiros nos concellos promotores..

Segundo explica a entidade promotora, un Xeoparque é un territorio que presenta un valor xeolóxico notable e que leva a cabo un proxecto de desenvolvemento propio, baseado na súa promoción turística sen que implique “prohibicións, limitacións ou restricións de ningún tipo para o desenvolvemento da actividade mineira”. Os piares que sustentan a creación e funcionamento dun xeoparque son o patrimonio xeolóxico e mineiro, a súa divulgación e o desenvolvemento local, requisitos todos eles que se dan na comarca de Quiroga e o Courel.

VII CONGRESO TICCIH ESPAÑA: PATRIMONIO INDUSTRIAL, REPERCUSIÓN AMBIENTAIS E ESTRATÉXIAS DE REXERACIÓN TERRITORIAL

Coa colaboración da Cámara Oficial Mineira de Galicia, do 5 ao 8 de xullo celebrouse nas Pontes de García Rodríguez o VII Congreso TICCIH España de Patrimonio Industrial que propón como tema central “O Patrimonio Industrial no Contexto da Sustentabilidade: Repercusións Ambientais, Paisaxes da Industrialización, Estratexias de Rexeneración e Turismo Industrial”.

O obxectivo foi identificar e debater sobre os problemas de xestión ligados á rexeneración, reutilización e intervención en paisaxes industriais, propoñendo novos enfoques metodolóxicos e casos de estudo. De igual modo son obxecto de reflexións as liñas de investigación existentes sobre as arquitecturas da paisaxe, o turismo industrial e as estratexias territoriais de valorización e activación do patrimonio.

VISITA AL MUSEO Y MINA DE SAN FINX

A Cámara Oficial Mineira de Galicia desenvolveu a súa Xunta Directiva do mes de xullo no centro de interpretación das minas de San Finx, no concello de Lousame. Tras a reunión, os membros do órgano de goberno da entidade mantiveron un encontro coa alcaldesa M^a Teresa Villaverde País, para a continuación visitar o museo.

A xornada incluíu tamén un xantar no restaurante aberto no antigo poboado mineiro. A posta en marcha do local permitiu a rehabilitación dunha edificación de alto valor arquitectónico, construti-

vo e ambiental que fora destinado a vivendas e a cuartel da Garda Civil, entre outros usos.

O atardecer centrouse nun percorrido pola mina. Durante a visita, os responsables da Cámara interesáronse pola reapertura deste espazo mineiro e pola recuperación das instalacións. A este respecto, cabe destacar que a entidade cameral forma parte da Comisión de apoio Técnico Científico, creada o pasado ano no marco de colaboración entre o concello de Lousame e a propiedade da mina, a través da que participou na creación de contidos para o museo mineiro e no proxecto de musealización en xeral.

WEB

A nosa páxina web, www.camaraminera.org, representa unha das nosas principais vías para dar o a coñecer o noso labor e información de interese para o sector, tanto a nivel interno como externo. Por iso, a nosa xunta directiva marcouse entre os seus retos o reforzo desta importante

canle divulgativa apostando pola dinamización dos seus contidos.

A web pon a disposición dos membros da COMG e do público xeral unha grande cantidade de información, tanto da propia Cámara (organigrama, regulamento interno, xuntas e comités...) como do sector (lexislación, documentos de interese, convocatorias de axudas...).

	VISITANTES DISTINTOS	NÚMERO DE VISITAS	PÁXINAS	SOLICITUDES	TRÁFICO (GB)
Total 2017	82.367	210.389	652.641	1.265.021	85,72
Media mensual 2017	6.864	17.532	54.387	105.418	7,14
Media mensual 2016	7.888	18.424	95.655	134.665	6,92

MEDIOS

O mantemento dunha relación fluída cos medios de comunicación é outra das nosas liñas de acción a prol da divulgación e promoción social do sector. En 2017 houbo 64 impactos en prensa e radio nos que figuraba a nosa entidade, a meirande deles a partir de comunicados difundidos polo noso gabinete.

En canto ás demandas de información, xestionáronse un total de sete solicitudes de datos ou valoracións por parte de medios de comunica-

ción. Cómpre salientar que o sector obtivo un total de 3.526 impactos nos medios.

Compre destacar a publicación Na Voz de Galicia do 12 de outubro da carta incluída nesta memoria “A minaría, símbolo da entidade galega” asinada por D. Juan de Dios Martín Aparicio, presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, e a entrevista ao Director, emitida en outubro pola emisora de radio Onda Cero Galicia no marco do programa Efecto Noticia, na que se destacou a boa acollida da nova Lei de implantación empresarial no sector mineiro galego, así como as vantaxes da norma para o desenvolvemento económico e empresarial.



Explotación de Granito Ornamental. David Fernández Grande. O Porriño (Pontevedra)

5 SERVIZOS E XESTIÓN

COMITÉS DE NORMATIVAS E INFORMACIÓN E CREACIÓN DO COMITÉ DE PATRIMONIO

O Comité de Normativas fai seguimento das normas en tramitación ou xa aprobadas que poidan influír no sector mineiro directa ou indirectamente. En 2017 celebrouse unha única reunión e remitíronse 47 circulares para tratar levar a cabo dito seguimento e aprobar informes.

O Comité de Información é o encargado de establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna, as súas cuestións (maioritariamente revisión e aprobación de comunicados, artigos e contidos para a web) trátanse sempre por correo electrónico. No 2017 enviáronse 29 circulares para revisión e aprobación de contidos para o Boletín da COMG e notas de prensa.

Na reunión de Xunta Directiva do 07/09/2017, aprobouse a proposta de creación do Comité de Patrimonio Mineiro e Industrial, un grupo de traballo formado por membros representantes dos distintos subsectores da COMG co obxectivo de poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia.

Este novo grupo de traballo, está constituído por representantes da Asociación Galega da Propiedade Balnearia, a Asociación Galega de Áridos, a Asociación de Graniteiros Provincial de Ourense, o Ilustre Colexio de Xeólogos, a empresa Caolines de Vimianzo e a COMG. O coordinador, encargado de establecer os obxectivos e coordinar as actuacións da Comisión, é D. Roberto Almuiña (Arigal).

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CEG)

D. Antonio Arias Díaz Eimil, Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e D. Juan de Dios Martín Aparicio, Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), asinaron en xullo un convenio marco de colaboración para a realización e promoción de accións que procuren a mellora de ambas entidades, concretamente:

MELLORAS NA XESTIÓN

Neste 2017 a COMG levou a cabo as actividades necesarias para a actualización dos procedementos sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

O IGAPE e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) concederon á COMG unhas subvencións solicitadas no marco do programa Re-Acciona TIC, consistente nunha serie de servizos de asistencia, diagnóstico e soporte na implantación de solucións de Empresa dixital e Industria 4.0.

Así, no 2017 levouse a cabo unha auditoría dixital co seu correspondente informe de diagnóstico, co obxecto de coñecer o estado de implantación das TIC na entidade e as oportunidades de mellora neste eido.

Dentro das actuacións para aplicación de solucións dixitais, desenvóléronse dous proxectos coordinados para implantación de ferramentas de mellora na xestión da entidade. Por unha banda, implementouse un software de organización e xestión do fondo documental. E por outra, un software dirixido a mellorar a xestión interna e externa.



TRANSPARENCIA. FISCALIZACIÓN DE CONTAS

Como corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración pertencente ao sector público autonómico estamos sometidos á fiscalización da nosa xestión económica e financeira por parte do Consello de Contas.

A iniciativa de someter as nosas contas a supervisión pon de manifesto o noso compromiso e no do noso órgano tutelar, a Administración Mineira Galega, coa transparencia na xestión.

26/01/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.

07/03/2017

REUNIÓN. CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA.
D. José Antonio Neira.

09/03/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.

30/03/2017

REUNIÓN. ASSEMBLEA XERAL.

25/05/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.

06/07/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.

27/07/2017

CONTAS 2016 E ORZAMENTO 2017.
Ao Consello de Contas.

07/09/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.

02/11/2017

REUNIÓN. XUNTA DIRECTIVA.
Cámara Oficial Mineira de Galicia.



Membros da Xunta Directiva da COMG na visita á explotación de volframio de Tungsten San Finx, Lousame (A Coruña)

SERVIZOS

Ademais dos servizos de información e asistencia técnica a demanda, dispomos de servizos de carácter periódico para os nosos membros.

A Cámara mantense en continuo contacto cos seus socios, remitíndolles información de proxectos, servizos e calquera actividade que poida ser do seu interese (convocatorias de axudas, xornadas, novidades lexislativas, etc.), e tamén coa Administración Mineira galega e con outras entidades do sector (Colexios, Asociacións, etc.).

Circulares Informativas	85
Xunta Directiva	22
Socios	47
Sector	16
Dossier de Prensa	362
Dossier Normativo	52
Axenda	39
Boletín	10
Comité Normativas	47
Comité de Información	29

DOSSIER DE PRENSA

En 2017 continuamos enviando diariamente un resumo de prensa que recolle todas as noticias relacionadas co noso sector publicadas nos medios escritos de Galicia e do Estado, tanto de información xeral como específica de economía. Deste xeito os nosos membros dispoñen dende primeira hora dunha ampla panorámica informativa.

da actualidade do sector, que permite, se é necesario, unha rápida reacción ás novas que se producen. O número de dossiers de prensa difundidos foi de 362, con máis de 3.580 novas, o que supón unha media de 9,8 novas ao día.

DOSSIER NORMATIVO

Os dossiers normativos son recompilacións semanais de todas as normas publicadas no Boletín do Estado, no Diario Oficial de Galicia e nos Boletíns Oficiais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Durante 2017 emitíronse un total de 52.

AXENDA

Tamén con carácter semanal remitimos unha compilación dos cursos, xornadas e eventos de interese. En 2017 remitimos 39 axendas con máis de 300 eventos.

BOLETÍN

O Boletín da COMG, de periodicidade mensual, é froito da nosa aposta por reforzar a comunicación e garantir así o acceso fácil e directo dos nosos socios á máxima e máis actual información relacionada coa nosa actividade e co sector.

Ao longo de 2017 difundimos un total de 10 boletíns que sumaron 67 novas. Nelas demos conta detallada do labor da Cámara e do seus resultados, así como de todas as novidades con repercusión no noso sector.



Explotación de Volframio. Tungsten San Finx. Lousame (A Coruña)

SERVIZO DE ALERTA INDIVIDUALIZADA E CIRCULARES

Ademais, e de xeito puntual, emitimos circulares dirixidas aos membros sobre a normativa, eventos ou accións que pola súa relevancia ou especial afección consideramos que deben ser recibidas de xeito inmediato. Emitimos un total de 85 circulares en 2017. Tamén, de xeito individual, alertamos aos membros da Cámara daquelas novidades que lles poidan afectar directamente.





CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

Co apoio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA